

VENRES, 16 DE NOVEMBRO

21h - **TEATRO BUTACA ZERO**

Co espectáculo *Camiños*



Que significa Galicia no século XXI? Partindo da idea desas aldeas que se baleiran cada día, reflexionamos sobre o que se perde e o que se mantén do pasado na nosa vida diaria.

Os tópicos galegos represéntannos ou non? Cal é a nosa vida e que ten que ver coa imaxe estereotipada que de nós poden ter os de fóra? Que implica a emigración para Galicia dende o pasado e sobre todo no presente?

Sobre todo isto reflexiona #camiños, unha peza de teatro moi físico na que a música folk convive coa electrónica, as bicicletas de spinning coas letras de Castelao, Rosalía ou Manuel María e onde os selfies conviven cos sachos. Un aluvión escénico que fará que os espectadores non poidan ficar indiferentes.

Dirixido ao público adulto.

DOMINGO, 25 DE
NOVEMBRO

18h - **FANI TRIANA**

Maxia pola igualdade

Dirixido a todos os públicos.

DOMINGO, 2 DE DECEMBRO

18h - **PÍSCORE**

Co espectáculo musical

Concerto Singular

Dirixido a todos os públicos.

ORGANIZA



COLABORA



OROSO
28 SET - 2 DEC

OUTONO
CULTURAL
2018



VENRES, 28 DE SETEMBRO
21h - MONÓLOGO XOSÉ A. TOURIÑÁN

Manolo Lojo

Prezo da entrada: 10€
(venta das entradas a partir
do 18 de setembro no centro cultural).

SÁBADO, 20 DE OUTUBRO

Espectáculo para bebés
(de 0 a 3 anos)

TROPICALLO

Co espectáculo

O día que chegou unha nube e choveu

1º pase ás 11h e 2º pase ás 12h. Inscripcións no
981 690 903 ou no centro cultural. Prazas limitadas.

MARTES, 24 DE OUTUBRO

18h - Día da Biblioteca actuación de
MAXIA Pedro Bugarín

Dirixido ao público familiar.

VENRES, 26 DE OUTUBRO
21h - TEATRO CULTURACTIVA

Coa obra **Senior**



Espectáculo cómico sobre a crise dos 50, cos coñecidos e populares actores Luis Iglesia e Marcos Orsi como protagonistas, e dirixida por Avelino González, unha reflexión en clave de humor sobre chegada ás portas da terceira idade. Cando se abandona a madurez e se comeza a ser "sénior"? Iglesia e Orsi rín de si mesmos ante nós, cun texto enxeñoso de creación propia.

Algúns dos grandes dilemas do sénior forman parte da nosa vida cotiá:
...visto como meu fillo ou como meu pai?...
...Haberá cadeiras nese concerto?...
...Como estarei mañá se tomo un segundo gin-tonic?...
Ducias de preguntas que este espectáculo non resolverá, pero que son a escusa perfecta para pasar un bo rato xunt@s.

Dirixido ao público adulto.

SÁBADO, 27 DE OUTUBRO

XORNADAS MICOLÓXICAS

(Ver publicidade específica).

Máis información
e inscricións no centro cultural.

LUNS 29 E
MARTES 30 DE OUTUBRO

ENTREGA DE CABAZAS

Entrega a túa cabaza **decorada con temática do Samain**, e recibirás un agasallo!! As cabazas estarán expostas no centro cultural.

MÉRCORES, 31 DE OUTUBRO

De 17 a 20h - FESTA DO SAMAÍN

Fotomatón, disco móbil e obradoiros de maquillaxe.
Colabora traendo aperitivos aterríficos para a merenda.

Dirixido ao público familiar.

DOMINGO, 11 DE NOVEMBRO

18h - MALASOMBRA

Espectáculo musical **Os Rockenstein**

Dirixido a partir de 3 anos.

AS ACTUACIÓNS LEVARANSE A CABO NO CENTRO CULTURAL

